

CONSELLERÍA DE FACENDA

San Caetano s/n

15781 Santiago de Compostela

M^a Gemma Soto Pérez, con DNI 32753737N, Presidenta do **Sindicato de Empregados Públicos de Galicia (SEPGA)**, con enderezo para os efectos de notificacións no correo electrónico sindicatogalicia@gmail.com; Manuel A. Jiménez Vicente, con DNI 07839367R presidente da **Asociación de veterinarios Funcionarios da Xunta de Galicia** con enderezo para os efectos de notificacións no correo electrónico asvef.gal@gmail.com; Pablo Amenedo Bermúdez, con DNI 44808797J, presidente da **Asociación profesional de funcionarios do Corpo Superior de Administración da Xunta de Galicia**, con enderezo para os efectos de notificacións no correo electrónico corposuperior@gmail.com; José Rocha Grande, con DNI 76558691V, presidente da **Asociación Profesional de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Enxeñeiros Agrónomos**, con enderezo para os efectos de notificacións no correo electrónico jose.rocha.grande@xunta.gal; Ruth López Carracelas con DNI 46902586C presidenta da **Asociación Profesional de Biólogos**, con enderezo para os efectos de notificacións no correo electrónico ruth.lopez.carracelas@xunta.gal; Carmen Ponte Taboada, con DNI 32809947X presidenta da **Asociación profesional de inspectores urbanísticos de Galicia** con enderezo para os efectos de notificacións no correo electrónico carmen.ponte.taboada@xunta.gal; María Muíño Domínguez, con DNI 76353586A presidenta da **Asociación de farmacéuticos inspectores de saúde pública de Galicia** con enderezo para os efectos de notificacións no correo electrónico afispga@gmail.com; Antonio Larriba Garcia, con DNI 35249808P presidente da **Asociación Galega de Inspección de Servicios Sanitarios** con enderezo para os efectos de notificacións no correo electrónico antonio.larriba.garcia@sergas.es

O pasado 21 de xaneiro, o Sindicato de Empregados Públicos de Galicia, SEPGA, e as asociacións asinantes, celebramos unha reunión nesa Consellería co fin de trasladar o **noso desacordo polo agravio** que supón para os empregados públicos do Grupo A, as condicións nas que se desenvolve a Carreira profesional pola vía extraordinaria, respecto as condicións establecidas para os Grupos B, C. dependentes todos, da mesma Administración.

Expostas as diferentes posicións, trasladamos un documento coas diferenzas económicas que motivan o noso desacordo, finalizándose a reunión sen que por parte desa Consellería, a través do seu Conselleiro, se evidenciase un mínimo de

SR. CONSELLEIRO DE FACENDA



comprensión cara á nosa demanda, baseándose continuamente e xustificando as diferenzas en subidas porcentuais e brechas salariais que non se sosteñen, debido a que tales diferenzas son estruturais, inherentes, por tanto, á implantación dun sistema de carreira profesional como o que se pretende.

Reunidas de novo as asociacións, decidimos establecer **un novo contacto con esa Consellería dirixíndonos ao seu Conselleiro** co fin de **mostrar firmemente a nosa total desconformidade con estas condicións**, nun intento de iniciar un novo diálogo que nos permita chegar a un entendemento e non sen que antes, traslademos as seguintes reflexións:

A Carreira profesional, desde o noso punto de vista, debe entenderse como un **recoñecemento** público, expreso e individualizado do desenvolvemento alcanzado por un profesional en canto a unha traxectoria profesional, coñecementos, implicación, entrega, adecuación aos obxectivos profesionais da organización na que presta os seus servizos, e, por tanto, ha de ser, tamén, unha vía de progreso e/ou mellora económica na Administración Pública. Iniciada a carreira profesional, esta debe ser unha invitación ao establecemento de círculos virtuosos no emprego público, o que, con toda seguridade, redundará en maiores cotas de motivación e implicación dos empregados públicos, que é o seu obxectivo.

A carreira profesional, é pois, **un Recoñecemento**, non unha subida salarial, como se tentou explicar por esta Administración. É voluntaria, non é lineal e gozaraa quen acumule méritos suficientes, o que forzosamente motivará diferenzas salariais. Aceptada esta premisa, a carreira profesional dificilmente cumprirá cos seus obxectivos cando, de partida, discrimina aos seus empregados máis cualificados, cun tratamento económico diferente, aos que lles espera unha perda económica de 9.839,20 euros en sete anos, unha media de 1.405 euros/ano, empregados que, sen ningún lugar a complexos, conforman a categoría profesional chamada a constituír o principal obxectivo deste mecanismo; estraña formula de incentivar e motivar a empregados cuxa responsabilidade e toma de decisións resultan transcendentais no bo funcionamento da administración.

Por outra banda, como se entende a esixencia dun maior número de anos para alcanzar os graos aos empregados do Grupo A que inicien a Carreira pola vía extraordinaria en aras de evitar esas desviacións porcentuais e creación de brechas salariais, e, estas mesmas consecuencias non as teña no tempo, iniciar a carreira pola vía ordinaria por empregados da mesma categoría?

Soamente atopamos unha explicación, e é, que os argumentos aducidos pola Consellería non son válidos e quizais respondan a outro tipo de intereses dos que resultamos prexudicados.

É por todo o exposto, non atopando xustificación a unhas condicións discriminatorias, claramente prexudiciais, doídos e agraviados como nos sentimos, QUE

SR. CONSELLEIRO DE FACENDA



Contactamos e apelamos de novo ao Conselleiro de Facenda para abrir un diálogo que nos permita discutir de novo as condicións e evitar que o inicio da carreira profesional, cuxos obxectivos quedan claramente expostos, o faga con vicios que sen ningunha dúbida restarán motivación e ilusión entre os profesionais de maior cualificación e de máis experiencia da Función Pública.

Esta apelación, realizada tras a consulta ao colectivo profesional afectado e que non demostra, senón unha vez máis, a responsabilidade que nos caracteriza, realízase en aras dunha boa vontade e antes de iniciar as accións que lexitimamente nos asisten.

Manténdonos á espera do novo contacto solicitado,

Reciba un cordial saúdo

Santiago, 13 de marzo de 2019

SR. CONSELLEIRO DE FACENDA

